



## NORMAS DE ENTREGA DE ORIXINAIS PARA EDICIÓN ELECTRÓNICA

1. De cada traballo presentárase unha copia en soporte informático en formato Word e outra en pdf, que deberán ser remitidas, debidamente identificadas, ao enderezo electrónico documentos@congresodoteatro.gal. O corpo utilizado nos parágrafos normais do texto será 12.
2. O texto deberá entregarse en versión definitiva. Dado que se trata dunha edición electrónica, non haberá fase de corrección de probas.
3. Dentro do texto e das notas, as referencias bibliográficas faranse de xeito abreviado, por medio do apelido do autor ou autores, o ano e, de ser o caso, o número da páxina, coma nestes exemplos: (Ferreira 1989: 47), (Ferreira/Amoedo 1999: 17n), (Ferreira 1996b). A referencia completa reservarase para a bibliografía final.
4. As citas textuais que se fagan dentro do texto principal deberán adoptar dous formatos diferentes: se non superan as cinco liñas irán dentro do parágrafo, co mesmo tipo de letra, entre comiñas latinas; as citas máis longas poñeranse en parágrafo á parte, sen comiñas, con sangría pola esquerda e letra de corpo 10. En ningún caso se escribirán con cursivas.
5. As notas do texto principal situaranse ao pé e estarán numeradas de xeito correlativo, en corpo 10. Non se incluírán aquí as referencias bibliográficas por extenso.
6. Ao final, incluíranse por extenso as referencias bibliográficas das obras citadas ao longo do texto. As fichas bibliográficas faranse seguindo estes modelos (segundo se trate de libros, capítulos de libro, artigos de revista, publicacións electrónicas ou recursos web). Exemplos:

BOUZADA, Xan / Anxo LORENZO (1997): *O futuro da lingua*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

WALASZEK, Adam (2005): «Mass Migrations: Their Economic, Political and Cultural Implications», *Przegląd Polonijny*, XXXI:1, 7-16.

LAMUELA, Xavier / Henrique MONTEAGUDO (1996): «Planificación lingüística», en Milagros Fernández Pérez (coord.), *Avances en lingüística aplicada*, Santiago de Compostela, Universidade, 229-301.

KÖVECSES, Zoltan (2001): «A cognitive linguistic view of metaphor and therapeutic discourse», *PSYART: A Hyperlink Journal for the Psychological Study of the Arts* ([http://www.clas.ufl.edu/ipsa/journal/2001\\_kovecses01.sht](http://www.clas.ufl.edu/ipsa/journal/2001_kovecses01.sht)).

TILG = Ana Isabel BOULLÓN AGRELO / Xulio SOUSA FERNÁNDEZ (coord.): *Cartografía dos apelidos de Galicia*, Instituto da Lingua Galega (<http://ilg.usc.es/cag/>) [última consulta: decembro, 2015].

## 7. Táboas / cadros

Realizaranse utilizando o comando específico de «edición de táboas». As táboas ou cadros deben cumprir as seguintes normas: 1) irán numerados correlativamente (Táboa 1, Táboa 2, etc.); 2) levarán un encabezamento conciso. Farase referencia ás táboas ou cadros no texto principal. Exemplo: (Vid. táboa 1).

## 8. Gráficos

Presentaranse orixinais con calidade para ser dixitalizados. Tamén se poden presentar nun arquivo informático (preferentemente Excel). Neste caso recoméndase incluír na mesma páxina o gráfico e mais a táboa de datos. Sempre irán numerados de xeito correlativo (Gráfico 1, Gráfico 2, etc.). Farase referencia aos gráficos no texto principal. Exemplo: (Vid. gráfico 1).

## 9. Fotografías, ilustracións, mapas, planos

Poderán presentarse orixinais con calidade para ser dixitalizados. Se o autor prefire presentar arquivos informáticos, recoméndase cumprir os seguintes parámetros:

- *Mapas, debuxos, planos, gravados*: a dixitalización farase en «modo liña» ou «mapa de bits» (non se recomenda o modo «escala de grises»); a resolución será de 1200 ppp.
- *Fotografías*: dixitalizaranse cunha resolución de 300 ppp. Resolucións inferiores a 225 ppp non son recomendables.

Preferentemente enviaranse en formato .JPG.

Irán numerados de xeito correlativo (Fig. 1, Fig. 2, etc.) con números arábigos.

Os orixinais que non se suxeiten ás anteriores normas serán devoltos aos seus autores para a súa corrección.